

Vigo non é o belén da Caixa

Ana Salgado

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

SALGADO, ANA (2011 [2008]). “Vigo non é o belén da Caixa”. *Protexta*: 5, 12. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1016>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

SALGADO, ANA (2008). “Vigo non é o belén da Caixa”. *Protexta*: 5, 12.

* Edición dispoñíbel desde o 7 de xullo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.



Round trip, 2005-2006. // Antón Cabaleiro

Poesía

Vigo non é o belén da Caixa

Anxo Angueira volve ao campo poético cun poema longo que certifica a existencia dunha cidade amada e realiza un percorrido intertextual de Meendinho a Oriana Méndez

Fóra do sagrado · Anxo Angueira · Xerais, 2007 · 64 páx · 12,50 euros



Levándolle a contra a Martín Códax volve Anxo Angueira aos dez anos de *Libro da vertixe* ao campo poético, con título ateo. Non hai adro da igrexa e a fermosura está lonxe da (auto)contemplación. O poema longo que é *Fóra do sagrado* constrúese, xa ocorría n'O valo de Manselle, sobre a forza de antropónimos e topónimos, acrecentada por unha rede basta de referencias textuais e históricas de alento espiral e focalización nese século XX que é tamén cerne de *Contra Maquieiro* (2005) e de *Liste, pronunciado Líster* (2007), o último documental de Margarita Ledo Andión.

En canto certifica a existencia dunha cidade amada por sobre todas as cidades do mundo, a voz lírica realiza un percorrido intertextual que vai de Meendinho a Oriana Méndez, coma quen di polo

noso discurso poético todo, e que se insire no espazo ideolóxico marxista que vertebra as Redes escarlata.

Se levamos o libro a plano de cidade ficarían na marxe os edificios de García Barbón, o Vigo burgués, e talvez ocupasen o centro as “bandeiras neboentas vermellas do Berbés”. É este, poderíamos dicir que canda o *Charenton* de Chus Pato ou o *Éxodo* de Daniel Salgado, un poemario de capacidade abrangente na vontade de facerlle sitio a unha xeografía complexa. Así, malia que é o mar un dos nós metapoéticos, non faltan os oficios da terra, todo sen que esvaeza unha paisaxe urbana inequívoca. Porque está a Europa que se prefire, con Maiakovski e Badiou, pero tamén a Gallaecia para que entre Xuan Bello. Porque non se acode ao lugar común que é a orixe ourensá para trazar un mapa social a camiño entre o labradío somerxido e a condición proletaria déixasenos liberdade para decidir, poñamos por caso, cantos de onda Celso Emilio están no Vigo de metal do 72, do 84, do 06.

Isto canto á lectura dun texto que, coma no caso dos tantos trobadores convocados ou da literatura popular que atopamos nos versos, precisa da oralidade para funcionar de maneira completa. Xa non unha oralidade unicamente épica, modalidade máis presente n'O valo. Aquí dáselles entrada a outras voces con diferentes niveis de mediación, entre elas a do animal, esa cabra matona de Bembrive, que interrompe un discurso de ritmo aleuto trabado con figuras do plano da reiteración.

Sendo así, o texto que hai en *Fóra do sagrado* fíxose grande na presentación que idearon Aser Álvarez, O Leo de Matamá, un dos millentos nomes da memoria política e creativa do autor que anda tamén polas páxinas, e mais Anxo Angueira.

É este un libro trazado arredor da memoria –tamén da que parte do 36– en que o que se nos declara non segue un fío histórico senón que vai e volta a cada tanto: de Humberto Baena ao Cunqueiro de *Herba aquí ou acolá*, de aí a *Breñaña*, *Esmeraldina*

para seguir coas “avelaneiras frocidas” e ir dar ao capitán Nemo evocado na feitura dun verso de “Posturas para copular en homenaxe”, de aí a *Siniestro Total*.

Porque importa a palabra que en Vigo foi para quen non a posúe. Porque xa nun ineludíbel intertexto de *Fóra do sagrado*, “4 x 20” (no álbum *Delicatessen*, 1991), Os Resentidos avisaban de que “Vigo quere dicir vosoutros non sodes nosoutros”.

// Ana Salgado

O mundo nacía na cidade

Poesía Helena de Carlos: experiencia, ollada e memoria

Vigo · Helena de Carlos · Galaxia, 2007 · 68 páx · 9,50 euros




Na ollada, nun sentido pleno, porque Vigo, que non é apenas un espazo senón tamén un tempo, amósaselle ao lector nunha natureza materializada que se apreixa polo contacto directo co experimentado: «Os veleiros levan letras / do teu nome: vibra o teu nome / antes de ser ronsel ou eco azul, / treme como un lenzo de seda, / rompe a mañá como unha bomba / de luz.»

Na memoria, porque Vigo é unha colectividade atravesada pola historia. A cidade é un percurso e unha medra que resiste acochado na con(s)cienca e que se identifica con quen o viviu, con quen *estivo alí* –Era sector naval, / lume nas prazas, descargas, pasos cortados, / a nidia conciencia do ano setenta e dous, / e a construción, rúas medrando no confín das verzas, / nós xogando ao balón no medio do día–. E non hai memoria que perdure máis que a

representada nuns mitos de carne e óso, que se actualizan sen fracturas e sen imposturas no libro.

Na escritura limpa e declarativa de Helena de Carlos apréciase o trazo dunha linguaxe e dun ton acompañados ao traxecto referido. Houbo partida, o regreso non é feliz. En Vigo reconstruído e reescrito medra un alento conectado pola fortaleza do entón e a sinceridade do agora. O tránsito dunha voz cara ás certezas e unha toma de conciencia fundamental sobre a imposibilidade de resolver o misterio da identidade –O que non son quen de me explicar / é como podemos deixarnos levar / aquí onde estamos e aínda agora / non entendo como podemos permitir que nos deixasen / así de sós / e tan decididamente tristes–.

// Isaac Lourido



Anxo Angueira. // Arquivo

Helena de Carlos demarca sobre Vigo unha escritura poética asentada na experiencia, na ollada e na memoria. Na experiencia porque o espazo que se ocupa, físico e literario, nace da conexión entre dous tempos históricos que se desafían –Arturo Casas chamoulle *modalidade enunciativa ehn-t*, e explicouno mellor–. Do pasado recréase a contradición que acolle incerteza e plenitude; do presente parte o reencontro e a reflexión cunha realidade transformada en enerxía e empeñada no amor (*En Vigo ameí un home / mentres perdía as casas todas*).